



Páx 2-3

ANÁLISE:

Memoria e praxe política

Páx 4

PONTEVEDRA:

Pontevedra, novamente un exemplo

Páx 5

PONTEVEDRA:

- Peonalización de Cruz Gallastegui
- Reparacións na avenida de Marín

Páx 6

PONTEVEDRA:

- Obras
- Saneamento de Lérez

Páx 7

PONTEVEDRA:

- O Goberno español denuncia ao Concello de Pontevedra
- Pontevedra, en galego

Páx 8

PONTEVEDRA:

Patrimonio rural

Páx 9

BARRO:

Desafuzamentos e Preferentes

Páx 10

A LAMA :

Banco de Terras e vivendas municipais

PORTAS:

Convenio coa C.D. Portas

Páx 11

AXENDA POLÍTICA

CONTRACAPA:

Acto coa mocidade

Cambiemos este sistema cruel e corrupto !

Discurso de Miguel Anxo Fernández Lores na apertura da XXX Semana Galega de Filosofía

Memoria e praxe política

Queridas amigas e amigos, benchegados a Pontevedra.

É unha alegría ver como comeza de novo esta Semana Galega de Filosofía que chega á súa trixésima edición tan vizosa e esperanzadora coma cada ano.

Vides falar de asuntos trascendentes e vitais para a cidadanía, como este ano faredes coa memoria, sen dúbida unha das máis necesarias enerxías para nos facer fortes e optimistas para conquistar un futuro mellor.

Regresades a este cálido recinto do Teatro Principal despois de que o poder político ao servizo dos grandes intereses capitalistas se merendase as institucións financeiras públicas dos galegos.

Institucións hoxe convertidas en simples marcas que non se atreverán a converter nunha auténtica banca pública, como moitos desexaríamos e propuxemos.

Cando a Caixa era unha institución de todos, colaboraba neste e noutros moitos eventos culturais e sociais. Hoxe, expulsa á cultura dos seus espazos e mercantiliza os lugares que ata onte mesmo eran escenarios de todos e para todos, grazas aos beneficios que producía o abnegado aforro da cidadanía deste país.

Chegará un intre en que non lembremos que en Galiza houbo un día institucións financeiras públicas que revertían unha parte dos seus excedentes na cultura e o benestar de todos e todas.

En pouco tempo teremos esquecido ese espléndido chanzo financeiro que eran as Caixas, a nosa

acaída banca pública, mortas de morte provocada por algúns ladróns e algúns dirixentes políticos sen confianza no país nen no xénero humano, só guiados pola avaricia e a cruel natureza do capitalismo, que só atende aos negocios dos poderosos e á usura dos recursos económicos do planeta.

E por qué esqueceremos isto? Porque o propio sistema xenera antídotos contra a memoria.

Vivimos colectivamente enganchados a unha audaz dinámica do esquecemento, a unha auténtica violencia semántica que dificulta a construción dunha conciencia crítica, que complica calquera alternativa que non adore e entronice ao sistema liberal.



Un sistema económico inxusto, antidemocrático e insolidario, en batalla permanente contra calquera intento de expresión soberana dos pobos e a cidadanía.

Antes de facerse evidente a crise actual, moita xente vivía aparentemente feliz nun sistema que nos obriga a consumir máis do necesario, que malgasta materias primas e maltrata á natureza, que practica a inxustiza económica, a crueldade material e mesmo espiritual, que nos arre-

bata a dignidade persoal ao converternos en suxeitos consumidores e nos explota como asalariados cada vez con menos dereitos, para beneficio dunhas elites que ven medrar as súas fortunas por graza e obra da globalización, do trunfo absoluto do capitalismo sen fronteiras para o diñeiro e a especulación.

Tras ese mundo oficial gobernado polo diñeiro e as grandes finanzas está a memoria roubada, a eiva

máis importante da persoa.

Un mundo virtual que se abre ante nós cando nos situamos diante das nosas pantallas, dos medios que nos fornecen dun incesante espectáculo que selecciona só o que interesa ao sistema, esquecendo outras verdades moito máis significativas e útiles para o beneficio humano.

Permitídemme que vos fale humildemente dun dos piares fundamentais da transformación da cidade de Pontevedra, un concepto que parece unha abstracción, pero que fai de soporte de todos os demáis.

Ese pilar fundamental ao que me refiro é precisamente a memoria, palabra darredor da que ides reflexionar durante esta Semana de Filosofía.

Memoria para saber que fomos e que queremos chegar a ser, para ocupar un lugar no planeta, para abrazar o mundo contemporáneo valorando e interpretando a herdanza de séculos de evolución.



Memoria para restaurar o antigo esplendor da cidade como espazo público, para recuperar aquelas prazas e rúas que pertencían ás persoas antes de ser invadidas polos automóviles.

Memoria para interpretar a esencia urbanística e paisaxística do noso contorno, para recuperar espazos naturais hoxe degradados como o que ocupa Ence, entre unha ría paradisíaca e produtiva e a que é sen dúbida a colección botánica máis senlleira de Galiza, a do Pazo de Lourizán.

Memoria para recuperar a paisaxe forestal, inzada dunha caótica e abrumadora presenza de



eucaliptos, que fóron substituíndo en poucos anos ás fragas, os soutos, os bosques tradicionais deste país empobrecendo o monte tanto biolóxico como materialmente.

Memoria para dar nova vida ao patrimonio construído, para actualizalo e facelo atractivo e útil para nós, para impulsar novos valores para a vida de hoxe.

Memoria para que habitats como as parroquias e os lugares inseridos na paisaxe continúen a manter unha escala social e humana que non lles obrigue a perder o carácter que os fai únicos e irrepetíbeis.

Memoria para recuperar a identidade galega da cidade de Castela, de Bóveda, con outros moitos nacionalistas do primeiro tercio do século XX, personalidades imprescindibles na Galiza actual, que fóron asasinados ou ninguneados na espiral de odio e aldraxe que o franquismo proxectou durante tantos anos.

Memoria para manter viva a esencia republicana, para honrar as vítimas dos crimes que produciu a conspiración fascista do 36, para intentar recuperar os azos e as luces que o franquismo cortou de raíz.



Memoria para resituar a tantas veces negada historia de Galiza no lugar que debe ocupar na educación das novas xeracións, eivadas de coñecer aspectos esenciais do noso ser colectivo.

Pontevedra, novamente un exemplo

Unha delegación formada polos nosos compañeiros Miguel Filgueira e Demetrio Gómez asistiu estes días á Graz Site Visit á que o Concello de Pontevedra foi convidado polo proxecto europeo Transport Learning. O convite foi resultado do premio Intermodos, grazas ao que a nosa cidade adquiriu relevancia a nivel europeo como exemplo de modelo urbano.

A participación nestas xornadas de traballo con representantes de varios países europeos (Hungría, Polonia, Italia, Austria, Grecia, Estado Español . . .) permitiunos tirar algunhas conclusións de interese.

A primeira de todas é que o modelo de Pontevedra vai sendo coñecido alén das nosas fronteiras. Non só iso, senón que, demais, é respectado por atoparse na vangarda en múltiples aspectos (eliminación de barreiras, intermodalidade, multifuncionalidade do espazo público, etc). Por este motivo, Transport Learning e o Concello van organizar unhas novas xornadas de traballo en Pontevedra para explicar en profundidade e sobre o terreo todo o traballo que se leva desenvolvido. Para entender a importancia deste feito, hai que ter presente que so dúas cidades, Graz e Bolzano, serven de exemplo neste proxecto europeo.

Un dos aspectos que máis chama a atención do traballo desenvolvido polo BNG desde a súa chegada ao Concello de Pontevedra é o carácter democrático e participativo do modelo que foi deseñado pensando neste Concello. Non se trata aquí de copiar mecanicamente propostas que tivesen máis ou menos suceso noutros lugares. Máis ben, o modelo urbano de Pontevedra é o produto de aplicar solucións con solvencia técnica baseadas na confianza nas posibilidades do noso concello e do noso país. É dicir, é o produto de criarmos nós un modelo propio para desenvolver nunha cidade galega.



Por fin, entrarmos en contacto persoal e directo con representantes doutros países europeos tamén nos permitiu coñecer as súa visión da Unión Europea. Existe un amplo consenso para diagnosticar que Europa é principalmente unha fronte de problemas que está a contribuír ao empobrecemento dos pobos e das nacións periféricas porque é o proxecto de índole colonial ou case colonial do grande capital transnacional. Asemade hai consenso para defender a necesidade dun deseño político e económico que se basee nos intereses, capacidades e potencialidades desas nacións e non nos intereses do grande capital de Frankfurt, Londres, Zurich, París ou Madrid.

Exportando o modelo a París

A axencia de planeamento urbanístico de París (APUR), solicitou permiso ao Concello de Pontevedra para utilizar o Metrominuto como exemplo de boas prácticas en materia de desprazamentos peonís.

Asemade, APUR pretende estudar as posibles aplicacións deste modelo en París.

Cómpre lembrar que Pontevedra e París coincidiron na mesma mesa de traballo no Congreso de Intermodos recentemente celebrado en Bruxelas.



Peonalización de Cruz Gallastegui

O concelleiro de mobilidade, Luís Bará, mantivo unha xuntanza este martes cos empresarios e empresarias da rúa Cruz Gallástegui na que amosaron o seu interese pola peonalización da rúa.

As empresarias e empresarios da rúa Cruz Gallástegui amosaron o seu convencimento de que a peonalización da rúa na que manteñen os seus negocios vai mellorar a calidade de vida de todos e de todas e, asemade, vai contribuír á dinamización da economía local. Xa que logo, solicitaron ao Concello que dese os pasos necesarios para estender o modelo peonil á súa zona.

O noso compañeiro Luís Bará manifestou a receptividade do Concello á proposta e que coincidía tamén na análise feita e nas consecuencias positivas que se habían quitar dela.

En calquera caso, peonalizar unha rúa non é unha decisión que poida ser tomada á lixeira posto que ela forma parte dun sistema que ten que ser analizado en conxunto. Así pois, comprometeu todo o interese municipal por estudar a oferta e as súas implicacións antes de presentar unha proposta que quizais teña que ser maior.

O Concello acomete reparacións na avenida de Marín

O Concello mantén un especial seguimento das obras urbanas e dos seus prazos de garantía reclamando todas as deficiencias que se detecten e defendendo os intereses municipais. Nos últimos meses os técnicos municipais realizaron varias visitas ás obras da avenida de Marín detectando pequenos desperfectos no paseo e, sobre todo, nos pasos de peóns elevados.

Ante esta situación, requeríuselle por vez primeira á empresa que acometera a execución da obra de reparación, sen obter resultado. Por este motivo vaise reclamar, nuns días e por segunda vez, á constructora adjudicataria do proxecto de construción do paseo marítimo da avenida de Marín que acometa as obras de reparación necesarias para eliminar os desperfectos detectados, que se concentran, principalmente, nos pasos de peóns elevados.

O Concello xa traballa na posible execución do aval do proxecto, valorado en algo máis de 120.000 euros, antes de que remate o prazo de garantía da obra que será ao longo do mes de maio. É así, porque a empresa Hidroscivil, que o realizou, atópase nun proceso concursal que, probablemente, obrigará a executar o aval para poder acometer as reparacións pertinentes.

Desta vez, ante a singularidade do proceso que vive a constructora, poderase tardar un pouco máis en reparar os desperfectos, mais o Concello está a realizar toda a tramitación administrativa pertinente para que no prazo máis breve se podan executar as reparacións.

Obras en Eduardo Pondal e na Colonia Pina



A pasada semana celebráronse asembleas informativas cos veciños e veciñas de Eduardo Pondal e da Colonia Pina para anunciarlles o comezo das obras nos seus respectivos ámbitos.

No caso de Eduardo Pondal, as obras consistirán en refacer a beirarrúa diante dos edificios porque polo paso do tempo repisou e ten un desnivel importante, chegando a rexistrar caídas e danos para os peóns. Segundo os servizos técnicos do Concello, o problema detectado é o afundimento da beirarrúa pola mala execución da obra hai 25 anos, probablemente feita cun recheo que non era o adecuado para este tipo de espazos.

Os traballos consistirán en levantar a beirarrúa, darlle consistencia e repoñer o enlousado. Tamén se intervirá na rúa do Muíño (na baixada cara o Gorgullón) para tratar de minorar a pendente con algún tipo de material que faga o tránsito peonil menos perigoso.

Esta obra ten un custe duns 50.000 euros e está incluída dentro do contrato de conservación e mantemento de espazos urbanos.

Reforma integral da Colonia Pina

Na Colonia Pina, trátase dun tratamento integral (pavemento, alumeadado e servizos de saneamento e pluviais) cun orzamento que ascende a 70.000€.

As rúas da Colonia Pina atopábanse nun estado deplorable co firme en xabre desde a súa construción durante a ditadura e agora van gozar dun tratamento en lastro semellante ao dos espazos públicos do centro da cidade.



Neste caso, o deseño da obra foi produto dun proceso compartido cos veciños e veciñas do barrio, dentro dos estándares de calidade que se exige para as obras municipais

Máis de 500.000 euros para rematar o saneamento de Lérez

Este proxecto de saneamento na parroquia de Lérez é dos máis importantes, en termos económicos, dentro do convenio de saneamento asinado entre o Concello e a Xunta de Galiza, cun investimento que supera os 500.000 euros e que darán servizo a varios núcleos, con aproximadamente 60 vivendas.

Estase a facer a rede principal nos lugares de Pedrapicada, onde se traballa en 773 metros lineais; A Torre, onde se actúa en 400 metros lineais; e no lugar do Arco, onde se actúa en 990 metros lineais.

Con estas últimas obras, a parroquia de Lérez quedará totalmente conectada ao saneamento, ao igual que outras como Mourente, Lourizán, Salcedo, Ponte Sampaio, Canicouva ou Tomeza. No resto de parroquias, a rede de saneamento está moi avanzada. O investimento dos últimos proxectos de saneamento no rural pontevedrés supera o 1,3 millóns de euros.

Ao remate do segundo convenio terá acceso ao servizo de saneamento case o 95% da poboación do Concello.

O Goberno español denuncia ao concello de Pontevedra por compensar a extra de nadal

Cando o goberno español decidiu roubar parte do seu salario aos empregados públicos, mediante a supresión da paga extra do nadal, o BNG anunciou a súa oposición e a adopción dunha postura de insumisión e rebeldía ante un feito tremendamente inxusto para os traballadores e traballadoras e claramente perxudicial para o tecido económico de Pontevedra.

O Concello de Pontevedra foi o primeiro -mais non o único- en compensar aos seu persoal pola perda da paga extra decretada polo goberno do señor Rajoy. As palabras de Miguel Anxo Fernández Lores foron claras nese sentido cando afirmaba “Se alguén me pregunta se Pontevedra está a pagar a extra respondo que politicamente si e administrativamente non”.

Así, co aval dos servizos xurídicos e de común acordo cos traballadores, acordouse alongar 16 horas a súa xornada entre o 16 de setembro e o 30 de outubro, para poder cobrar un complemento de produtividade que se abonou na nómina de decembro, e supuxo aproximadamente un 80% do que lles correspondería pola paga extra.

A pesar de que o Concello non abonou a paga extra senón un complemento de produtividade, que este complemento só se abonou a aqueles traballadores e traballadoras que alongaron a súa xornada laboral (seis non se acolleron), a cuantía era inferior á que correspondería á paga extra e non se utilizou a partida orzamentaria destinada á paga extra, o goberno español, seguindo as instrucións do PP, presentou denuncia contra o Concello de Pontevedra.

Curiosamente, o goberno español non fixo o mesmo cos outros concellos que compensaron a paga extra, o que responde claramente a unha decisión estritamente política do PP.

O BNG está orgulloso de adoptar unha posición de rebeldía e insumisión diante dunhas medidas arbitrarias e inxustas que atentarían contra os dereitos dos traballadores e traballadoras e afectarían moi negativamente ao comercio local e, polo tanto, ao tecido económico da cidade.



Pontevedra en galego !

Mal que lle pese ao PP, en Pontevedra os sinais de tráfico seguirán só en galego, como vén acontecendo desde 1999, sen que existise nunca ningún problema social.

A insistencia do PP, co seu portavoz Jabobo Moreira, para que Pontevedra rotule en español os sinais de tráfico afondan na liña política de españolización da nosa sociedade que está a levar a cabo PP, desde a reforma educativa do ministro de Educación, o tristemente célebre José Ignacio Wert, até as políticas galegofóbicas desenvolvidas polo executivo de Núñez Feijoo e por organizacións satélites como Galicia Bilingüe amparadas e promovidas polo PP.

Unha aposta decidida pola normalización

O BNG mantén unha aposta decidida pola normalización do noso idioma en todas as esferas da vida institucional e social. Unha aposta clara, decidida e sen complexos que se basea no feito de que o galego é a única lingua propia de Galiza.

O Concello fará os "reaxustes" necesarios nos sinais de tráfico para unificar o criterio de limitación de aparcamento; iso si, os sinais seguirán estando única e exclusivamente no idioma propio de Galiza.

Patrimonio rural: identidade, participación, dinamismo

A concellaría de patrimonio histórico do concello de Pontevedra está a desenvolver un plano de protección e dinamización do patrimonio situado no ámbito rural, que comprende os elementos arqueolóxicos, etnográficos, arquitectónicos e de infraestruturas. Un conxunto moi amplo e heteroxéneo de bens que precisan dunha actuación sistemática, na que é fundamental a implicación da cidadanía. Trátase, pois, de xerar un proceso planificado, participativo e continuado no tempo, que permita revertir a situación actual de descoñecemento e abandono que presentan estes bens, e convertilos en parte central da identidade colectiva, instrumentos de cohesión, e recursos para a dinamización socioeconómica.

As xornadas sobre o patrimonio rural chegan este ano á súa segunda edición, centrada no tema do “territorio e o desenvol-



Imaxe da Iª Xornada por Terra de Montes

vemento local”. O obxectivo é presentar experiencias promovidas por institucións e entidades sociais que poidan servir como referencia para Pontevedra en ámbitos como o uso social do

patrimonio, a recuperación de conxuntos etnográficos, os ecomuseos, os proxectos de dinamización socioeconómica a partir do patrimonio, a custodia do territorio, etc.

PROGRAMA DA IIª XORNADA

Venres, 12 de abril (tarde)

- **16.30 h.** Recepción de participantes no salón de actos
- **17h.** Conferencia de apertura de Begoña Bas sobre patrimonio etnográfico: “Un patrimonio para coñecer, valorar, actuar e gozar”.
- **18 h.** Mesa de experiencias institucionais sobre recuperación e dinamización de conxuntos patrimoniais: Cristina Cid, concelleira de promoción económica de Allariz e Joao Alpuim Botelho, director do Museo do Traje e coordinador dos núcleos museolóxicos das parroquias de Viana do Castelo.
- **19.10** Pausa
- **19.30** Mesa de experiencias sociais sobre recuperación e dinamización de conxuntos patrimoniais: Rafa Beceiro, coordinador Proxecto Esmelle (Asociación Veciñal Valle de

Esmelle-Ferrol) e José Bravo, coordinador da Aula do Almo-frei (Comunidade de Montes do Salgueiral, Bora-Pontevedra)

- **21.00** Convivio.

Sábado 13 de abril (mañá)

- **10 h.** Conferencia de Ignacio Muñiz Jaén, director do Ecomuseo do río Caicena (Córdoba): “O Ecomuseo do río Caicena en Almedinilla (Córdoba): desenvolvemento rural desde o patrimonio histórico-natural e a participación cidadá”
- **11 h.** Presentación de iniciativas sobre patrimonio, territorio, custodia, desenvolvemento: Ramón Magdalena (Asociación Galega de Custodia do Territorio): “Custodia do Territorio: concepto e situación actual” e Paula Lubián (Feitoría Verde).

A iniciativa do BNG, o Concello de Barro acorda apoiar ás persoas afectadas por desafiuzamentos e Participacións Preferentes

O Concello de Barro vén de aprobar por unanimidade dúas mocións do BNG para apoiar con medidas concretas aos veciños e veciñas afectados por desafiuzamentos, e aos estafados polas Participacións Preferentes e as Obrigas subordinadas.

Convenio co colexio de avogados para asesoramento e defensa dos veciños afectados por desafiuzamentos

Un dos efectos máis perversos da situación económica que estamos a sufrir é o grande número de familias que están a perder as súas vivendas ao quedar tanta xente sen traballo.

A Lei hipotecaria española está feita unicamente para

beneficio dos bancos, de maneira que, ademais de botar ás familias das súas casas cando non poden pagar as súas hipotecas, as débedas cos bancos siguen existindo, xa que nin PP nin PSOE cambiaron a Lei para que a débeda quedase cancelada ao entregar a vivenda.

No momento actual resulta totalmente inhumano botar á xente á rúa cando non paga porque non pode, mentres ao bancos se lle dá toda a axuda que precisen para superar os seus problemas económicos.

O Concello de Barro asinará -tal e como solicitou o BNG- un convenio co colexio de avogados para o asesoramento e defensa de balde daqueles veciños e veciñas afectados por desafiuzamentos

Parte resolutiva da moción de apoio ás persoas afectadas polas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas

- Solidarizarse cos veciños e veciñas de Barro e do resto do País afectados pola estafa das Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas
- Instar á Xunta de Galiza a que esixa do FROB e do Goberno español a anulación da orde que aplica quitas inxustas ás persoas afectadas por Participacións Preferentes e Obrigas subordinadas.
- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB, á Xunta de Galiza e a NGB a que continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por CGB, até a resolución definitiva de todas elas e se dea contestación a todas as solicitudes presentadas.
- Instar ao Goberno Español a que determine a non aplicación da Lei 9/2012 a todas as persoas afectadas pola comercialización negligente de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NGB.
- Solicitar a gratuidade dos procesos xudiciais para todas as persoas afectadas pola negligente comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NGB, que se vexan na obriga de reclamar ante os Tribunais ordinarios, así como axilizar os procesos xudiciais mediante a súa tramitación como xuízos rápidos.
- Instar ao Goberno español e á Xunta de Galiza a que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten todas as iniciativas pertinentes para a devolución inmediata dos aforros ás persoas afectadas polas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.

O Concello de A Lama creará un Banco de Terras a iniciativa do BNG

O envellecemento da poboación, o abandono do sector primario e a emigración levaron a unha progresiva destrución das terras agrarias á que compre facer fronte para evitar o deterioro ambiental e social.

Por este motivo o BNG presentou unha iniciativa, apoiada polo resto dos grupos municipais, para a creación dun Banco de Terras Municipal, que dea saída ás terras hoxe improdutivas, contribúa á creación de postos de traballo e posibilite unha maior sustentabilidade ambiental e social.



Aprobada unha moción do BNG para regular a concesión de vivendas municipais

Son moitas as familias de A Lama que están a pasar serias dificultades para poder ter acceso a unha vivenda digna, ao tempo que existen locais municipais baleiros e sen uso. O Concello debe facer todo o posíbel -dentro do seu limitado marxe de manobra- para tentar axudas aos veciños e veciñas máis desfavorecidos, e facelo de xeito máis transparente e obxectivo, priorizando a aquelas persoas sen recursos ou en situación de desemprego con menores ao seu cargo.

Na moción do BNG instase ao Concello a elaborar un inventario das posíbeis vivendas e locais municipais en disposición de cederse ou alugarse como vivendas sociais, a negociar con entidades de ámbito social como as Comunidades de Montes ou a Igrexa para a cesión dos seus locais baleiros para usos sociais sen perder a titularidade, a elaborar un censo de persoas interesadas en acceder a este tipo de vivendas, e redactar unha ordenanza que garanta a máxima transparencia e obxectividade.



O BNG reclama un convenio entre o Concello e a C. D. Portas

A día de hoxe, a Cultural e Deportiva Portas é o único sustento do deporte de base no concello de Portas (escolas deportivas de fútbol, tenis e xadrez, e seccións inferiores de fútbol pre-benxamíns, benxamíns, alevíns, infantís, cadetes e xuvenís, así como xadrez). Pero a pesar do seu importante labor, non recibe do goberno municipal do PP nin o recoñecemento merecido nin os recursos mínimos imprescindíbeis para desenvolver as súas actividades.

Os constantes e reiterados incumprimentos por parte do alcalde cos compromisos adquiridos coa C. D. Portas están a poñer en perigo a súa viabilidade e supervivencia.

O BNG de Portas considera que a solución pasa por recoñecer e satisfacer a débeda contraída coa C. D. Portas e asinar un convenio de colaboración que estableza a asociación, garantindo que os rapaces e rapazas de Portas poidan seguir recibindo unha formación deportiva e cultural de calidade e igualitaria con independencia dos recursos económicos das súas familias.

CONCENTRACIÓN CONTRA AS POLÍTICAS DO PP

XOVES 11 DE ABRIL. 20 H.

PRAZA DA PEREGRINA.

A CIG convoca unha concentración na Praza da Peregrina para manifestar a oposición ás reformas aprobadas polo goberno no último mes. Reformas como o decreto para a contratación da mocidade; a autorización ás mutuas para dar altas de enfermidade; a das pensións anticipadas, voluntarias ou forzosas e o recorte do dereito ao subsidio para maiores de 55 anos, medidas todas elas que provocarán máis pobreza e discriminación entre a clase traballadora.

ACTO POLÍTICO EN SANTA MARÍA DE XEVE

XOVES 11 DE ABRIL. 20:30 H.

CENTRO CULTURAL

Co título *Cambiamos este sistema cruel e corrupto*, o BNG comeza en Santa María de Xeve unha xeira de actos informativos sobre a necesidade de mudar o actual sistema político e económico.

O acto contará coa participación de Miguel Filgueira, Luís Bará e Miguel Anxo Fernández Lores

XORNADA DE TRABALLO

SÁBADO 13. 11:30 H.

LOCAL COMARCAL DO BNG

Reunión de traballo dirixida a responsábeis locais e concelleiros e concelleiras para analizar a situación dos diferentes PXOMs que se están a tramitar na nosa comarca.

ACTO COA MOCIDADE

19 DE ABRIL. 20:30 H.

CENTRO SOCIAL DO GORGULLÓN

Organizada polo BNG e Galiza Nova haberá un acto político dirixido especificamente á mocidade acto contará coa participación dos membros de Galiza Nova Alberte Oubiña e María Pousada e do Alcalde de Pontevedra Miguel Anxo Fernández Lores.

**Non á LOMCE
Non aos recortes**

**Participa
nos peches!**

Pontevedra

IES Torrente Ballester

26 abril

(desde as 17 horas ás 10 da mañá)

**PLATAFORMA GALEGA EN
DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO**

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público estase a mobilizar contra o anteprojecto de LOMCE, para amosar o seu total rexeitamento a unha lei reaccionaria, españolizadora, privatizadora, clasista, antipedagóxica, antidemocrática, e confesional, que liquida a igualdade de oportunidades e que expulsa do ensino os sectores sociais máis desfavorecidos da sociedade.

A mocidade en loita

*Cambiamos
este sistema
cruel
e corrupto !*



Venres 19 de abril ás 20:30 h.
no Centro Social do Gorgullón

coa participación de

Alberto Oubiña, María Pousada e Miguel Anxo Fernández Lores

